

Recordatorio de deberes legais á consellería de Facenda e Administración Pública que debe actuar con eficacia e celeridade, dispoñendo as medidas necesarias para evitar retrasos ou dilacións na tramitación dos expedientes

Expediente: L.4.Q/13248/23

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2023

Sr. conselleiro :

Ante esta institución, mediante escrito de queixa, compareceu solicitando a nosa intervención XXXXX con DNI XXX en relación ao retraso da ATRIGA na resposta á solicitude de devolución de ingresos.

#### ANTECEDENTES

No seu escrito, esencialmente, indícanos que:

En fecha 17/01/2020 presenté ante la ATRIGA escrito solicitando la iniciación de un procedimiento de revisión de actos nulos interesando la anulación de una liquidación por importe de 7.103,95 €.

Dicha solicitud fue inadmitida en fecha 21/01/2020 al considerarla un recurso de reposición, por lo que se interpuso reclamación económico administrativa ante el TEAR, resolviendo a favor del contribuyente en fecha 9/04/2021.

En fecha 28/04/2021 se reitera solicitud a la ATRIGA. Ante la falta de respuesta se presenta un escrito pidiendo información sobre el estado del expediente en fecha 30/12/2021. No se recibe respuesta a ninguno de dichos escritos. Es por ello que en fecha 21/07/2022 se presenta a través de mi abogado un nuevo escrito solicitando información relativa al estado de tramitación del procedimiento. Dicho escrito tampoco recibe respuesta.

Habiendo transcurrido mas de tres años desde la solicitud inicial, y sin haber recibido respuesta a ninguno de los 4 escritos presentados solicitando información y la resolución del expediente, es evidente la indefensión y perjuicio que la actuación de la administración está generando a esta parte.

Ante iso requirimos informe a esa Administración, que nola remitiu, esencialmente, co seguinte contido:

- O interesado presentou o 09/07/2015 autoliquidación do imposto de doazóns e sucesións
- O 14/11/2018 notificouselle ao interesado liquidación provisional de 7.103,95 €
- Como consecuencia das resolucións estimatorias do TEAR, o interesado solicitou o 20/07/2022 a devolución dos ingresos indebidos, segundo o previsto no artigo 221 da LXT cuxo procedemento se regula nos artigos 126 e seguintes do RD 1065/2007 do 27 de xullo. Segundo se dispón no apartado 4 do artigo 128 do mesmo Regulamento, o prazo máximo de notificación será de seis meses logo dos cales poderá entenderse desestimado
- Que o artigo 103 da LXT dispón que a administración está obrigada a resolver expresamente todos os procedementos así como a notificar dita resolución
- Que o día 02/11/2023 a Delegación da ATRIGA de Lugo asinou a resolución de ingresos indebidos que se lle notificou ao interesado.

#### ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Administración, é preciso facer as seguintes consideracións:

1.- A queixa trae causa do retraso na resposta á solicitude presentada polo interesado diante desa consellería en relación coa devolución do ingreso dunha liquidación correspondente ao Imposto de Sucesións e Doazóns cuxa liquidación notificada desde a ATRIGA no ano 2018.

2.- Achega o interesado copia dos escritos presentados diante desa Administración en distintas datas tanto presentado reclamación como solicitando información sobre o expediente. Refírese a Administración no seu informe á solicitude presentada en xullo de 2022 e sinala que, para ditar resolución, contaba con seis meses segundo o disposto no artigo 128 do RD 1065/2007 do 27 de xullo. Finalmente indica que o día 2 de novembro de 2023 ditouse resolución expresa dado cumprimento ao disposto no artigo 103 da LXT.

3.- Malia que se ditou resolución expresa non foi senón ata case ano e medio despois do escrito de reclamación tomado como referencia por parte da consellería. A este respecto cómpre lembrar que o feito tributario que deu inicio ao procedemento corresponde ao ano 2015 e a liquidación provisional realizouse no ano 2018, é dicir, fai cinco anos. Débese ter en conta que si a celeridade é sempre unha obriga da Administración, é aínda máis importante cando se trata dos dereitos económicos das persoas interesadas.

### CONCLUSIÓN

Por todo o anterior, considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa consellería o seguinte recordatorio de deberes legais:

A Administración debe actuar con eficacia e celeridade, dando cumprimento aos principios dispostos no artigo 103 da Constitución Española e dispoñendo as medidas necesarias para evitar retrasos ou dilacións na tramitación dos expedientes

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución da Valedora do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da resolución formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que a Valedora do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño  
Valedora do Pobo

